



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO DE MONTESCLAROS” (A LARACHA-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
24/8 - 4/09/2021	18-30	Estatal	Medioambiental e arqueolóxico	12

### LOCALIZACIÓN DO CAMPO

A Laracha é un concello privilexiado en canto a vías de comunicación na bisbarra debido a que a autoestrada AG-55 ten dúas entradas-saídas no concello: unha en Paosaco e outra no Cancelo (Cabovilaño), a dous quilómetros da capital municipal. A estrada C-552 da Coruña-Fisterra atravesa o municipio.

A vía férrea A Coruña-Madrid atravesa un extremo do concello. A estación máis próxima atopámola en Meirama (Cerceda), a un quilómetro do límite do noso municipio. A liña do AVE A Coruña-Santiago de Compostela pasa pola parroquia de Soandres, lugar por onde tamén transcorre a estrada AC-400 que, ademais, serve de nexo de unión coa A-6, principal vía de acceso a Galicia.

A proximidade dos aeroportos de Alvedro (A Coruña, a 24 quilómetros) e Lavacolla (Santiago de Compostela, a 45 quilómetros) fan que este transporte poida ser utilizado sen grandes desprazamentos.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.



### DESCRIPCIÓN E ACTIVIDADES DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

As persoas participantes farán labores de limpeza no contorno do castro, dende a preparación e delimitación do terreo ata a total limpeza:

- Identificación de estruturas do poboado fortificado
- Limpeza de maleza e broza e recollida de lixo
- Eliminación de rebrotes de arborado e matogueira
- Poda das frondosas existentes
- Limpeza manual e controlada da cuberta vexetal nos afloramentos rochosos con instrumental adecuado, evitando os elementos metálicos
- Limpeza manual de valados de pedra cortando a vexetación e evitando o arrinque de raíz

- Labores de sinalización. Balizar os muros

Tomaranse medidas de especial observación no mantemento da biodiversidade, animal e vexetal, evitando actuacións que alteren especies nidificantes.



### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. LECER

- Actividades de aventura
- Obradoiros medioambientais: de flora, fauna, do entorno, de coñecemento sobre a vida dos celtas
- Xogos deportivos, de debuxo arqueolóxico, ...
- Rutas de senderismo: polos sendeiros do río Anllóns (entre Vilaño, Cabovilaño,...), do río Bradoso ( que acolleu o ano pasado o campus de traballo), ruta BTT...
- Excursións: visita as zonas turísticas da Laracha, ruta das capelas, as igrexas, Caión (zona marítima), e ruta dos muiños
- Visita á cidade da Coruña (arqueoloxía), Torre de Hércules...
- Recopilación na zona das lendas e historias que acompañan a estes castros e o entorno que os rodea

### COMO CHEGAR:

#### Por estrada:

Liña A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo. Empresa MONBUS ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)). Tfno.: 902 292 900

- Liña A Coruña-Carballo. Empresa ARRIBA. Tfno.: 981 311 213

Liña Empresa AUCASA, TF. 981 588 881



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO DE MONTESCLAROS” (A LARACHA-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
24/8 - 4/09/2021	18-30	Estatal	Medioambiental e arqueolóxico	12

### Santiago de Compostela-Carballo

**Por tren** (ata A Coruña ou Santaigo de Compostela)  
 RENFE ([www.renfe.es](http://www.renfe.es)). Tfno.: 902 240 202

### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue da Laracha (Lugar de Santa Margarita, s/n Mon-



temaior) o cal se coñece comunmente como o antigo Hospital dos Peregrinos.

### INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

Ao longo do primeiro día ( 22 de xullo) pola tarde na Casa do concello da Laracha. O traslado dende este punto de encontro ata o albergue será a partir das 16:00 horas.

### COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. Se tes dereito a desconto (consultar na web): OITENTA E DOS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50€**)

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de traballo. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresado o/a interesado/a ou no caso de ter que abandonar a actividade por motivos relacionados co Covid-19 sempre e cando no transcurra máis del 50% dos días de duración do campo.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, no seu caso.

### EQUIPO ACONSELLABLE

Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha  
 Saco de durmir, esteira e mochila para rutas  
 Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo  
 Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115



[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

Servizo de Xuventude en Lugo. Tfno.: 982 294 599

[www.facebook.com/xuventude.net](https://www.facebook.com/xuventude.net)